

O ESPERTAR

KATE CHOPIN

TRADUCCIÓN:
IRIA TAIBO



CAPÍTULO 1

Un papagaio verde e amarelo, pendurado dunha gaiola por fóra da porta, repetía constantemente:

—Allez vous-en! Allez vous-en!¹ Sapristi! Vaia!

Falaba algo de castelán, e tamén unha lingua que ninguén entendía, non sendo o sinsonte pendurado ao outro lado da porta, asubiando unhas notas afrautadas cara ao ar cunha insistencia desesperante.

O señor Pontellier, como non conseguía ler o xornal tranquilamente, ergueuse cunha expresión e exclamación de desgusto. Baixou da galería e atravesou as estreitas «pontes» que conectaban as casas da familia Lebrun entre elas. Estivera sentado diante da porta da casa principal. O papagaio e o sinsonte eran de Madame Lebrun, e tiñan dereito a facer todo o ruído que quixesen. O señor Pontellier tiña o privilexio de abandonar esa compañía cando deixaba de resultarlle agradable.

Parou diante da porta da súa casa, que era a cuarta desde o edificio principal, e penúltima, e sentou nunha randeeira de vimbio que tiña alí, para volver concentrarse na tarefa da lectura do xornal. Era domingo, mais o xornal era do día anterior, pois o do día aínda non chegara a Grand Isle. Xa estaba ao tanto da información financeira, así que lles botou unha ollada inqueda aos editoriais e ás novas que non tivera tempo de ler antes de saír de Nova Orleáns o día anterior.

O señor Pontellier levaba lentes. Tiña corenta anos, estatura media e constitución esvelta, e encollíase un

¹ Veña! Veña! Vaia! (Todas as notas son da tradutora).

pouco. Tiña o cabelo castaño e liso, coa raia a un lado. Levaba a barba ben recortada, de xeito elegante e coidadoso.

De cando en cando apartaba a ollada do xornal e miraba ao seu redor. Na casa había máis ruído ca nunca. Chamábanlle «a casa» ao edificio principal, para diferencialo dos outros. Os paxaros seguían parolando e asubiando. Dúas nenas, as xemelgas dos Farival, tocaban un dúo de *Zampa* ao piano. Madame Lebrun entraba e saía a un ritmo frenético, dándolle ordes en voz alta a un xardineiro novo cada vez que entraba na casa, e indicacións cun ton igual de alto a unha criada do comedor cada vez que saía. Era unha muller natural e atractiva, sempre vestida de branco con mangas até o cóbado. A saia amidonada engurrábase coas súas idas e vidas. Máis abaixo, diante dunha das casiñas, unha muller vestida de negro camiñaba recatadamente arriba e abaixo, rezando o rosario. Unha boa parte das persoas da *pension* marcharan no barco de Beaudalet a Chênrière Caminada, á misa. Había uns mozos xogando ao cróquet baixo os cerquiños. Os dous fillos do señor Pontellier estaban alí, dous pequenos e rexos rapaces de catro e cinco anos. A coidadora vixiábaos con ar distante e pensativo.

Finalmente, o señor Pontellier acendeu un puro e comezou a fumar, deixando que o xornal lle caese distraidamente da man. Fixou a ollada sobre un parasol branco que avanzaba a ritmo de caracol desde a praia. Vía claramente como se movía entre os secos troncos dos cerquiños e a través do treito de camomila amarela. O Golfo parecía moi afastado, fundíndose vagamente co azul do horizonte. O parasol seguía achegándose deva-

gar. Baixo o seu abrigo rosado estaban a súa muller, a señora Pontellier, e o mozo Robert Lebrun. Cando chegaron á casiña sentaron cun ar lixeiramente canso no chanzo máis alto do soportal, un fronte ao outro, cada un deles apoiado nunha columna.

—Que tolería bañarse a tal hora con esta calor! —exclamou o señor Pontellier. El bañárase ao amencer, por iso a mañá estaba a facérselle longa—. Estás queimadísima, case non se te coñece —engadiu, ollando para a súa muller coma quen observa unha peza valiosa da súa propiedade que sufriu algún dano. Ela ergueu as mans, fortes e bonitas, e estudounas, erguendo as mangas por riba do pulso. Observalas fixo que se lembrase dos seus aneis, que lle deixara ao seu home antes de saír para a praia. Silenciosamente, estendeu a man cara a el, e el, entendéndoa, colleu os aneis do peto do chaleco e deixounos na palma da man. Ela púxoos e logo, apertando os xeonllos, mirou a Robert e botouse a rir. Os aneis brillaban nos seus dedos. El devolveulle un sorriso.

—Que foi? —preguntou Pontellier, ollando para un e outro con preguiza e entretido. Era unha parvada; pasara algo na auga, e os dous tentaron relatarllo a un tempo. Non parecía tan divertido cando se explicaba. Decatáronse, e tamén o señor Pontellier. Bocexou e estirouse. Ergueuse, dicindo que tiña idea de ir ao hotel de Klein a botar unha partida de billar.

—Veña comigo, Lebrun —propúxolle a Robert. Mais Robert admitiu moi sinceramente que prefería quedar onde estaba e falar coa señora Pontellier.

—De acordo, mándao fóra cando te aborrezas, Edna —indicoulle o seu home mentres se preparaba para marchar.

—Toma, leva o parasol —dixo, amosándollo. Aceptou o parasol, e poñéndoo por riba da cabeza baixou as escaleiras e botou a andar.

—Vas vir cear? —preguntoulle a súa muller. Parou un momento e encolleu os ombreiros. Tocou o peto do chaleco e notou que tiña un billete de dez dólares. Non sabía, se cadra volvía para cear, se cadra non. Todo dependía da compañía que atopase en Klein e do volume da «partida». Non o dixo, mais ela entendeu, e riu, facéndolle un aceno de despedida.

Os dous nenos quixeron seguir o pai cando viron que marchaba. Deulles un bico e prometeulles que lles levaría bombóns e cacahuetes.